

# II Concurso de Comic

Por mor da programación de banda deseñada incluída no Certame do “Curtas Film Festival” que se desenvolveu na nosa cidade, invitámoste a que ti tamén participes creando a túa propia banda cómica/historieta.

## PARTICIPANTES:

Pode participar o alumnado oficial matriculado no curso 2017/18, de xeito individual ou por parellas.

A participación implica a aceptación das presentes bases.

## CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS :

Extensión: entre unha e cinco viñetas **con texto na lingua/s de estudio**.

As obras deben ser orixinais e poderán estar firmadas por un **ou dous autores** (guionista e debuxante, por exemplo) como **máximo por tira ou historieta**.

As obras pódense facer con calquera **aplicación** de creación de comic que permita descargar a banda deseñada, ou empregando calquera **técnica de debuxo**, tamén dixital. En ningún caso poderanse empregar imaxes que pertencen a ou-ros autores. Todas as obras serán orixinais e inéditas.

As obras poden presentarse en branco e negro ou a cor.

## PRESENTACIÓN DAS OBRAS:

Cada participante poderá presentar como máximo dúas obras e deberá enviar o arquivo en formato de imaxe .jpg, .gif, .png ou .pdf (non se admitirán outros formatos) ó correo electrónico do centro **eo.vilagarcia@edu.xunta.es**, indicando como asunto “Concurso comic”, e nome do participante, curso/s e lingua/s na que está matriculado e teléfono de contacto.

O prazo para presentar as obras remata o 14 de decembro 2017.

## XURADO:

Tódalas obras serán expostas na EOI Vilagarcia para a súa valoración e os participantes cederán á Escola tódolos dereitos sobre a obra: de autor, para a súa divulgación, promoción, modificación, ou calquera uso que a escola estime oportuno.

No caso de non haber un **mínimo de 10 obras participantes** o premio quedará deserto.

O xurado estará composto por toda a comunidade educativa que votará a súa banda deseñada favorita e un ou máis membros da Asociación do Curtas Film Festival.

O resultado e entrega de premios será coincidindo coas actividades festivas de nadal o 21 de decembro 2017.

## PUBLICACIÓN DO RESULTADO:

O resultado farase público no taboleiro da escola e a través da web o día 21 de decembro de 2017. O resultado é inapelable.

## PREMIOS:

Haberá un único premio á mellor tira cómica /historieta e consistirá nun dispositivo móbil(tablet).

## PUBLICIDADE:

Durante a celebración da exposición, o centro poderá tomar e empregar as imaxes das obras presentadas, dos autores e da entrega de premios aos gañadores para a súa posterior publicación na web do centro ou redes sociais.

